

IES Rafael Dieste

Departamento de Orientación

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO DE 4º ESO
Curso 2023-24

TITULACIÓN NA E.S.O.

Para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria requirirase:

- SUPERAR TODAS AS MATERIAS CURSADAS.

- Ademais de no caso anterior, O EQUIPO DOCENTE PODERÁ DECIDIR a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que SE CUMPRAN SIMULTANEAMENTE as seguintes condicións:


- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou alumno adquirise as competencias establecidas.

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

orientacionrafaeldieste@gmail.com

ESQUEMA DAS OPCIONS ACADÉMICAS
DENDE 4º ESO



IES RAFAEL DIESTE

ITINERARIOS DE 1º de BACHARELATO. Curso 2024-25

MODALIDADE DE CIENCIA E TECNOLOXÍA	MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
Língua Galega e Literatura I	Língua Galega e Literatura I
Língua Castelá e Literatura I	Língua Castelá e Literatura I
1ª Língua Estranxeira I	1ª Língua Estranxeira I
Filosofía	Filosofía
Educación Física	Educación Física
Matemáticas I	Mat. Aplicadas ás C.Sociais / Latín
Relixión / Disposición do Centro	Relixión / Disposición do Centro
<p>Elixir DÚAS materias</p> <ul style="list-style-type: none">- Bioloxía, Xeoloxía e C. Ambientais- Tecnoloxía e Enxeñería I- Debuxo Técnico I- Física e Química	<p>Elixir DÚAS materias</p> <ul style="list-style-type: none">- Grego I- Economía- Hª do Mundo Contemporáneo- Literatura Universal- Matemáticas Aplicadas ás C.Sociais / Latín I
<p>Optativa: Escoller UNHA materia.</p> <ul style="list-style-type: none">- Anatomía Aplicada- Cultura Científica- Antropoloxía- 2ª Língua Estranxeira I- Literatura Galega do Sec. XX e actualidade.- TIC I- Tecnoloxías Intelixentes- Materia do bloque anterior	<p>Optativa: Escoller UNHA materia.</p> <ul style="list-style-type: none">- Anatomía Aplicada- Cultura Científica- Antropoloxía- 2ª Língua Estranxeira I- Literatura Galega do Sec. XX e actualidade.- TIC I- Tecnoloxías Intelixentes- Materia do bloque anterior

O BACHARELATO: Organización, Promoción e Titulación

- **Poderá acceder aos estudos de Bacharelato o alumnado que esté en posesión do título da E.S.O.**

- O Bacharelato constará de dous cursos, e o alumnado poderá permanecer cursando esta etapa 4 cursos no réxime ordinario. Poderase solicitar a anulación de matrícula á Dirección do Centro antes do 30 de abril, xustificando as circunstancias que motivan a petición.

- Existen VARIAS MODALIDADES de Bacharelato: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e C.Sociais, Modalidade Xeral e Artes (vía Música e Artes Escénicas e vía Artes Plásticas e Deseño).

- PROMOCIONARASE de 1º a 2º de BAC. cando se superen todas as materias ou se teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Nese caso deberán cursarse en 2º curso como materias pendentes de 1º.

- Cando non se cumpra coas condicións de promoción anteriores REPETIRASE o 1º curso na súa totalidade.

- CONTINUIDADE entre materias de Bacharelato :

A superación das materias de 2º curso estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º, tal e como se indica no cadro adxunto.

1º Curso BAC	2º Curso de BAC
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía / Xeoloxía
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Física e Química	Física / Química
Grego I	Grego II
Latín I	Latín II
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Primeira Lingua Estranxeira I	Primeira Lingua Estranxeira II
Matemáticas I	Matemáticas II
Matemáticas I ou Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxía e Enxeñería I	Tecnoloxía e Enxeñería II
TIC I	TIC II

Se non se curso a materia de 1º de Bacharelato que ten continuidade coa de 2º curso, poderase matricular na de 2º, pero tendo en conta que:

- Haberá que acreditar os coñecementos previos segundo as indicacións do Departamento correspondente (pode consistir na realización dunha proba)
- Ou cursar a materia de 1º curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.
- O CAMBIO DE MODALIDADE DE BACHARELATO (de 1º para 2º curso) conlevará ter que cursar materias do 1º curso correspondentes á nova modalidade elixida e que non foron cursadas.

A ELECCIÓN DE MODALIDADE DE BACHARELATO

A elección de modalidade de Bacharelato irá en función dos vosos intereses posteriores.

- O Bacharelato de Ciencia e Tecnoloxía está pensado para aqueles que pretendades seguir estudos científico-tecnolóxicos ou biosanitarios, tanto de FP Superior como de Graos Universitarios.
- O Bacharelato de Humanidades ou C.Sociais está mais dirixido a titulacións que teñen que ver coa intervención social, a economía, a política-administración, etc.(opción C.Sociais) ou para seguir estudos lingüísticos, filolóxicos, traducción- interpretación, historia, dereito, xornalismo, etc.(opción Humanidades).
- O Bacharelato de Artes subdividirase en dúas vías: Música e artes escénicas e Artes plásticas, imaxe e deseño
- O Bacharelato Xeral ofertará materias de carácter científico, humanístico, socioeconómico e artístico.

No IES RAFAEL DIESTE ofertaranse as dúas primeiras modalidades de bacharelato: o de Ciencias e Tecnoloxía e o de Humanidades e C.Sociais.

É aconsellable CONSULTAR, antes de decidir a modalidade elixida, que materias resultarán mais conveniente cursar, de cara a estudos posteriores (referirémonos a ese particular no epígrafe “as titulacións universitarias e os graos superiores de FP”).

Tede en conta que tamén debe pesar na vosa elección, ademáis do voso interese vocacional, o rendemento académico nas materias da ESO que terán continuidade nos estudos de Bacharelato.

OS GRAOS UNIVERSITARIOS E A SÚA RELACIÓN COAS MATERIAS DE BACHARELATO

Unha vez rematado o Bacharelato poderase acceder á Universidade (estudos de Grao) ou ben realizar estudos de Ciclos de F.P. de Grao Superior.

Para ACCEDER á UNIVERSIDADE débese realizar unha proba, a ABAU (Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade).

A NOTA FINAL DE ACCESO calcúlase a partir da NOTA MEDIA de BACHERELATO e da NOTA acadada na ABAU.

Aínda que é probable que para o curso 24-25 haxa modificacións na ABAU é importante que teñades en conta a cuestión das MATERIAS DE PONDERACIÓN.

Nunha das partes da ABAU poderédesvos examinar dalgunhas materias das que as cualificacións que obteñades estarán ponderadas con 0,1 ou 0,2. É dicir, a nota que saquedes nesas materias multiplicarase pola ponderación correspondente e sumaranse a nota da parte obrigatoria.

Todos os GRAOS universitarios indican que materias ponderarán para o acceso a éstos. É dicir, que materias de 2º BAC poderanse escoller na parte voluntaria da ABAU para mellorar a nota de acceso.

Como as materias da opción que escollas en 1º de BAC. van a condicionar tamén o 2º curso, é aconsellable que consultes neste enlace as diferentes materias que ponderarán nas diferentes Titulacións Universitarias :

https://www.ciug.gal/PDF/Ponderacions_2025_provisorias.pdf

A FORMACIÓN PROFESIONAL (FP)

As ensinanzas de FP organízanse en: F.P. Básica, Ciclos Formativos de Grao Medio e Ciclos Formativos de Grao Superior.

Todos os ciclos formativos teñen estrutura modular (os Módulos serían as súas “materias”) e a finalidade primordial deles é o da preparación para o exercicio cualificado dunha profesión. Existen módulos que se cursan no Centro Educativo, e outros nos Centros de Traballo (empresas concertadas).

Para ACCEDER A UN CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO (C.M.):

- Hai que ter acadado o Título de Graduado en E.S.O, ou
- Acceder mediante PROBA (requisito para poder realizala: cumprir 17 anos no ano de inicio do Ciclo).

Para ACCEDER A UN CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR (C.S.):

Hai que ter acadado o título de Bacharelato.

- Accédese tamén tendo cursado un Ciclo de Grao Medio.
- Pódese acceder mediante PROBA (pode realizarse se se cumpren 19 anos no ano de inicio do Ciclo).
- Existen criterios de prioridade para acceder dende o Bacharelato aos C.S. EN CASO DE LÍMITE DE PRAZAS: media e modalidade de Bacharelato, e incluso que fose cursada unha asignatura considerada preferente.
- A titulación de Técnico Superior permite acceder DIRECTAMENTE os estudos UNIVERSITARIOS coa nota media do Ciclo Formativo (Pode mellorarse realizando a Parte Específica da ABAU):

<https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-universidade>

Páxina WEB da Consellería de Educación que contén toda a información sobre a Formación Profesional (FP):

<https://www.edu.xunta.gal/fp/>

- Catálogo de Familias profesionais e Ciclos de FP
 - Lugares e Centros onde se cursan
 - Criterios de Admisión
- Probas de Acceso (materiais para preparalas, exames anteriores)
 - Acceso á Universidade dende a FP.

CICLOS FORMATIVOS DE F.P. (A Coruña)

Réxime ordinario, grao medio (CM) e grao superior (CS), en ensinanzas sostidas con fondos públicos:

<p>CIFP Ánxel Casal - Monte Alto cifp.anel.casal@edu.xunta.gal Tel. 881960122</p>	<p>CM Atención a persoas en situación de dependencia CM Coidados auxiliares de enfermaría CM Farmacia e parafarmacia CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico CS Animación sociocultural e turística CS Audioloxía protésica CS Dietética CS Educación infantil CS Hixiene bucodental CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear CS Integración social CS Laboratorio clínico e biomédico CS Mediación comunicativa CS Próteses dentais CS Química e saúde ambiental CS Radioterapia e dosimetría</p>
<p>CIFP Imaxe e Son cifp.imaxe.son@edu.xunta.gal Tel. 981173181</p>	<p>CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe CS Producción de audiovisuais e espectáculos CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos CS Son para audiovisuais e espectáculos</p>
<p>CIFP Paseo das Pontes cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal Tel. 881961030</p>	<p>CM Cociña e gastronomía CM Confección e moda CM Elaboración de produtos alimentarios CM Servizos en restauración CS Dirección de cociña CS Dirección de servizos de restauración CS Patronaxe e moda CS Procesos e calidade na industria alimentaria CS Vestiario a medida e de espectáculos</p>
<p>CIFP Someso cifp.someso@edu.xunta.gal Tel. 881880001</p>	<p>CM Carpintaría e moble CM Carrozaría CM Electromecánica de vehículos automóbiles CM Estética e beleza CM Mecanizado CM Peiteado e cosmética capilar CM Soldadura e caldeiraría CS Automoción CS Construcións metálicas CS Deseño e amoblamento CS Estética integral e benestar CS Estilismo e dirección de peiteado CS Programación da prod. en fabricación mecánica CS Proxectos de edificación CS Proxectos de obra civil</p>
<p>IES A Sardiñeira ies.sardineira@edu.xunta.gal Tel. 881960150</p>	<p>CM Operacións de laboratorio CS Laboratorio de análise e de control de calidade CS Química industrial</p>

IES Agra do Orzán Tel. 881880080 ies.agra.orzan@edu.xunta.gal	CS Acondicionamento físico CS Ensinanza e animación sociodeportiva
IES Fernando Wirtz Suárez ies.fernando.wirtz@edu.xunta.ga Tel. 881960260	CM Sistemas microinformáticos e redes CM Xestión administrativa CS Administración de sistemas informáticos en rede CS Administración e finanzas CS Asistencia á dirección CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma CS Desenvolvemento de aplicacións web
IES Plurilingüe Eusebio da Guarda ies.eusebio.guarda@edu.xunta.gal Tel. 881960060	CS Axencias de viaxes e xestión de eventos CS Guía, información e asistencia turísticas
IES Ramón Menéndez Pidal ies.menendez.pidal@edu.xunta.gal Tel. 981203000	CM Actividades comerciais CS Comercio internacional CS Xestión de vendas e espazos comerciais
IES Rosalía Mera ies.calvo.sotelo@edu.xunta.gal Tel. 981252600	CM Impresión gráfica CM Instalación e amoblamento CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Mecanizado CM Preimpresión dixital CM Soldadura e caldeiraría CS Deseño e xestión da produción gráfica CS Mecatrónica industrial
IES Urbano Lugrís ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal Tel. 881960715	CM Instalacións de telecomunicacións CM Mantemento electromecánico CS Automatización e robótica industrial CS Mantemento electrónico CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos CS Sistemas electrotécnicos e automatizados
CPR Afundación A Coruña cpr.afundacion.acoruna@edu.xunta.gal Tel. 881963018	CS Administración e finanzas CS Asistencia á dirección CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma CS Desenvolvemento de aplicacións web
CPR Cervantes cpr.cervantes.coruna@edu.xunta.gal Tel. 98120464	CM Xestión administrativa
CPR Cruz Roja Española cpr.cruzvermella.coruna@edu.xunta.gal Tel. 981169163	CM Atención a persoas en situación de dependencia CM Coidados auxiliares de enfermaría CM Farmacia e parafarmacia CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear CS Laboratorio clínico e biomédico
CPR Nebrija Torre de Hércules cpr.nebrija@edu.xunta.gal Tel. 981259006	CM Xestión administrativa CM Actividades comerciais CM Coidados auxiliares de enfermaría CM Farmacia e parafarmacia
CPR Fogar de Santa Margarida cpr.fogar.santamargarida@edu.xunta.gal Tel. 981251090	CM Actividades comerciais
CPR Plurilingüe Karbo cpr.karbo@edu.xunta.gal Tel. 981236179	CM Xestión administrativa CS Desenvolvemento de aplicación multiplataforma
CPR La Grande Obra de Atocha	

cpr.grandeobra.atocha@edu.xunta.gal al Tel. 981222542	CM Xestión administrativa CS Educación infantil
CPR Plurilingüe Liceo La Paz cpr.liceo.lapaz@edu.xunta.gal Tel. 981286299	CM Coidados auxiliares de enfermaría CM Emerxencias sanitarias CS Administración e finanzas CS Transporte e loxística
IES Universidade Laboral ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal al Tel. 881960820 Culleredo	CM Guía no medio natural e de tempo libre CM Instalacións de telecomunicacións CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Instalacións frigoríficas e de climatización CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións CM Navegación e pesca de litoral CS Acondicionamento físico CS Automatización e robótica industrial. CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica CS Enerxías renovables CS Ensinanza e animación sociodeportiva CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos CS Mecatrónica industrial CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións CS Prevención de riscos profesionais CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos CS Sistemas electrotécnicos e automatizados CS Transporte marítimo e pesca de altura
IES de Sabón (Arteixo) ies.sabon.arteixe@edu.xunta.gal Tel. 881960140	CM Guía no medio natural e de tempo libre CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Xestión administrativa CS Administración e finanzas

Nesta relación figuran unicamente os Centros e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior sostidos con fondos públicos (concertados pola administración).

Na seguinte páxina web pode consultarse a oferta de estudos de FP por concello, familia profesional, réxime (ordinario, persoas adultas), modalidade dual, etc.

<http://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>